

Xosé Chao Rego

Renacer galego

[Actas do Simposio - Homenaxe]

Fundación
Bautista Álvarez
de Estudos Nacionalistas



Primeira edición: Xullo de 2010

© Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas

Edita: Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas

Avda. de Lugo, 219, 1.º

15703 Santiago de Compostela - Galiza

Telf. 981 570 265

info@bautistaalvarez.org

Asesoramento lingüístico: Beatriz Vilaverde Santamariña

Deseño da colección: Sabela Montero

Fotografía: Xan Muras

Depósito Legal: C 2357-2010

Impreso na Galiza

Índice

- 13 *Renacido á galeguidade*
XOSÉ CHAO REGO
- 17 *Lembranzas para unha memoria*
XOAQUÍN CAMPO FREIRE
- 29 *Da Ceca para a Meca*
CARLOS MELLA VILLAR
- 35 *Compromiso e lingua na vida e na obra de Xosé Chao*
FRANCISCO FERNÁNDEZ REI
- 67 *Para unha nova antropoloxía galega. Homenaxe a Pepe Chao*
MARCIAL GONDAR PORTASANY
- 91 *As mulleres na obra de X. Chao Rego*
MARÍA XOSÉ AGRA ROMERO
- 121 *O papel central de Xosé Chao Rego no ensaio galego contemporáneo*
MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO
- 141 *A construción dun pobo: romaxe e outros inventos*
BERNARDO GARCÍA CENDÁN
- 173 *A auga: vida, na obra de Pepe Chao*
MARÍA DO CARME GARCÍA NEGRO
- 201 *Na homenaxe a Pepe Chao*
XESÚS FERRO RUIBAL
- 213 *O mergullo histórico de Xosé Chao Rego*
FRANCISCO CARBALLO
- 223 *Chao Rego e o xornalismo de opinión en Galicia*
XOSÉ RAMÓN POUSA ESTÉVEZ

- 235 *Xosé Chao Rego*
MARÍA LUISA PASÍN MATO
- 243 *O deseño na obra de Chao Rego*
SIRO LÓPEZ
- 261 *Suxestións reveladoras: a propósito do Prisciliano de Chao Rego*
FRANCISCO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ
- 281 *Xosé Chao Rego dende a Terra Chá*
ALFONSO BLANCO TORRADO
- 321 *Rachando co pecado: Un ensaio cristián sobre a homosexualidade*
CARLOS MANUEL CALLÓN TORRES
- 329 *Encontro con Xosé Chao nos Coloquios Europeos de Parroquias*
XULIÁN MAURE RIVAS
- 337 *A Biblia na obra de Xosé Chao Rego*
UXÍO GARCÍA AMOR
-
- 343 *Poetas que cantan a Pepe Chao Rego*
HELENA VILLAR JANEIRO
LOIS DIÉGUEZ
MARICA CAMPO
RAFA VILAR
XESÚS RÁBADE PAREDES

Limiar

Os elementos que conforman a identidade de Galiza son tamén parte fundamental da súa existencia; son os que permiten que nos poidamos mirar ao espello e vermos unha imaxe compartida que a podemos describir cunha palabra bonita e sinxela mais da que aínda renegan moitos e moitas, especialmente desde o poder: galegos, galegas.

O poder que, cando non oculta a nosa propia imaxe, manipúlaa, defórmaa e transfórmaa nunha caricatura de nós mesmos. Desgraciadamente esta imaxe ridiculizada é a que aínda moitos galegos teñen de si como individuos e como pobo.

Somos pesimistas porque vemos a realidade que nos rodea e porque non nos conformamos con ela. E por iso mantemos a esperanza que nos dá forzas para facermos fronte á adversidade.

E a esperanza mantémola grazas a homes e mulleres como Xosé Chao Rego, profeta contra o poder como o fora Prisciliano no seu tempo.

Nesa loita de liberación contra o poder que nos cega, Chao mostrounos a verdadeira imaxe de Galiza, a do pobo, a dos humildes, a que se pode mostrar con orgullo e alegría de manterse viva contra vento e maré.

A magna obra de Xosé Chao fai case imposíbel relatar todos os aspectos que trata. Mais sempre está presente o seu país e a denuncia contra todas as formas de opresión. A súa obra constitúe o máis grande monumento ao compromiso desde e con Galiza. Pepe é dos que se molla nas augas de todos os ríos que atravesan o noso país; é dos que se atreven a nadar contracorrente e non busca o acubillo fácil das augas encoradas que non levan a ningún lugar.

A mensaxe liberadora está presente en toda a obra de quen é o maior escritor galego en cantidade e, especialmente, en calidade. Resaltamos o de galego porque non abonda con escribir desde Galiza se non se ten o compromiso de facelo como galego, o que Pepe fai xa en plenitude de conciencia desde que decidiu volver á vida, renacendo no Pedregal de Irimia, onde tamén renace cada día o Pai río das galegas e galegos.

Se xa sempre o foi, hoxe, case seis anos despois daquel Simposio-Homenaxe (29, 30 e 31 de outubro de 2004), coñecermos Pepe Chao e a súa obra é máis necesario que

nunca. Hoxe os poderosos de sempre reaxen con máis virulencia e cargados de cinismo contra a base da nosa identidade e unidade nacional e colectiva, a nosa lingua. Hoxe temos que escoller entre a comodidade de deixarse levar ou tomar partido activamente con nós mesmos, cos que máis precisamos de mantermos na loita como único de xeito de vencer á adversidade.

A Homenaxe a Xosé Chao foi o agradecemento colectivo a quen nos dá a fe e a esperanza imprescindíbel para acreditarmos e comprometérmonos co futuro de liberdade que chegará máis axiña que tarde.

Recoñecermos Xosé Chao foi o obxectivo do Simposio-Homenaxe que o seu pobo lle tributou coa intermediación da Asociación Cultural O Galo de Santiago e co traballo de todas as persoas que achegaron os seus traballos dotando ao Simposio dun grande nivel en todos os aspectos, especialmente no humano. Desde O Galo mostramos o noso máis sincero agradecemento a todos e todas as autoras que colaboraron para que estas actas puidesen ver a luz; uns traballos de grande valor, tanto desde unha perspectiva histórica como ensaística.

O grande recoñecemento e agradecemento que existe a Chao Rego evidenciouse no Teatro Principal de Santiago onde centos de persoas acudiron á homenaxe nacional (11 de decembro de 2004) que se lle tributou e onde se contou coa inestimábel colaboración da Asociación Cul-

tural Musical Solfa de Santiago, da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, do grupo A Quenlla e dos poetas que participan nesta publicación. Tamén na declaración, por parte do Concello de Santiago, de Xosé Chao Rego como fillo adoptivo da capital de Galiza dándolle o seu nome a unha rúa.

Ao Galo só lle correspondeu a iniciativa. Unha iniciativa tan necesaria como necesaria é a obra de Xosé Chao Rego como ferramenta para o compromiso coa que luxar as mans e construír un futuro de xustiza e paz para Galiza, o seu pobo e toda a humanidade.

Galiza recoñeceu neste tributo que hoxe transformamos en publicación –grazas á colaboración da Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas–, o traballo e esforzo inesgotábel de Xosé Chao Rego, que puxo sempre o mellor de si mesmo ao servizo do seu País, da súa Nación, e xa que logo ao conxunto da humanidade, tan necesitada de recoñecerse na súa propia identidade nun mundo cada vez máis globalizado, no que se pretende reducir a pluralidade étnica, nacional, cultural, a unha lacra contraria ao progreso, nese camiño que se nos pretende marcar cara a unha visión única do mundo no que, en consecuencia, os Pobos non teñen espazo.

Fronte a isto, Pepe realizou e realiza unha obra necesaria para entender o país e a nós mesmos. A súa obra, unha vez lida, non nos resulta indiferentes.

É Pepe un home apaixonado e comprometido coa Galiza até mais aló do que poida alcanzar a nosa imaxinación. Os seu compromiso social e cultural levouno a proclamar e afirmar o *Eu Renazo Galego*. Frase que define a súa andaina e a de case que todos os galegos e galegas, xa que todos tivemos que ter un segundo nacemento, o galego, para atoparnos a nós mesmos. O primeiro fustrouse polo ocultamento do noso País e a negación da súa historia. Nacer orfos de identidade e anestesiados con vacinas inxectadas na nosa razón por quen negan, renegan e buscan suprimir Galiza. Renacer galego é atoparse co que é un e co que é o País.

Marcos Maceira Eiras

Secretario da Asociación Cultural O Galo

Coordinador do Simposio-Homenaxe a Xosé Chao Rego